

**Área: Comunicación**


**Circular nº 16 - Temp. 20/21**

## RETRANSMISIÓN ENCONTROS POR STREAMING FGBm

Dado que a día de hoxe a FGBm e moitos clubs están a realizar a retransmisión por streaming dos encontros de diferentes categorías e tras as dúbidas sobre os dereitos de imaxe dos/as deportistas, a Federación Galega de Balonmán como non pode ser doutra forma, agradece o esforzo que están a realizar os clubs para que todos os afeccionados/as ao balonmán poidan seguir a desfrutar do noso deporte independentemente dos aforos das instalacións deportivas.

A FGBm aproveita para comunicar que debido ao gran número de encontros que están a ser retransmitidos cada fin de semana, esta xornada activaremos a na nosa web a plataforma multipantalla onde se poderán ver todos os encontros que se disputen en directo ou en diferido. Para que cun simple click a vosa masa social poida seguir os vosos encontros a través da nosa web precisamos que metades o enlace de streaming na vosa área privada de club, seguindo os seguintes pasos:

1. Seleccionar no menú lateral esquerdo dentro do menú **VÍDEOS DE PARTIDOS**, **"PARTIDOS EN STREAMING"**.



2. Seleccionar a **categoría** do encontro.



3. Seleccionar a **categoría** do encontro e facer click no botón laranxa da dereita.



Por favor, rogamos que non esquezades isto antes de realizar a retransmisión, deste xeito poderemos dar un mellor servizo a todos os seguidores do balonmán.

En Vigo a 10 de novembro de 2020